

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE SETEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula o marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se dispón que cese o director do Instituto de Estudos do Territorio.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada dos treitos iniciais das estradas autonómicas AC-162 e AC-163.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados, con relación á segunda convocatoria do ano 2021 de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos, por importe dun millón novecientos dez mil euros (1.910.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción e a exención de garantías polos pagamentos anticipados e á conta do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Consorcio Aeronáutico Gallego para a creación, posta en marcha e xestión do Observatorio da Industria Aeroespacial en Galicia, por importe de cincocentos oitenta e nove mil euros (589.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia Galega de Infraestruturas, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a Deputación Provincial de Lugo e a Deputación Provincial de Ourense para a execución do Plan de acción da paisaxe na Ribeira Sacra.
- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados ata o 100 % do importe da subvención no proxecto de resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva para o ano 2021 (código de procedemento MT402B).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de tres millóns de euros (3.000.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de catorce mil corenta e nove euros con sesenta céntimos (14.049,60 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de vinte e dous mil catrocentos corenta euros (22.440 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR San Xerome Emiliani, polo importe máximo de cincuenta e oito mil seiscentos cincuenta e un euros con vinte céntimos (58.651,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Menela para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Menela, polo importe máximo de setenta e dous mil novecentos oitenta e sete euros con sesenta céntimos (72.987,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a ANPA CEIP Escultor Acuña para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade sensorial auditiva nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864 €), e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i (2021), por un importe total tres millóns cento oitenta e seis mil setecentos sesenta e oito euros (3.186.768 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal (convocatoria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de 2019), por importe de setecentos corenta e dous mil cincocentos euros (742.500 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Diocese de Ourense para a restauración das reixas históricas e os púlpitos da Capela Maior da catedral de San Martiño de Ourense, por un importe total de cento setenta e dous mil setecentos setenta e tres euros con corenta e nove céntimos (172.773,49 €); e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos á conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Diocese de Tui-Vigo para a segunda fase de actuación no conxunto catedralicio de Tui: mellora de accesibilidade, rehabilitación das cubertas do claustro e de edificación para usos museísticos, por un importe total de cento setenta e seis mil novecentos nove euros con oitenta e seis céntimos (176.909,86 €); e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos á conta.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ordes para o acondicionamento da Casa da Cultura de Ordes, por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Bueu para realizar o proxecto da Sala de Interpretación do Bueu Romano, por un importe total de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan da Estratexia de educación dixital 2030.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese (AEE) por un importe de oito millóns cincocentos noventa e catro mil oitenta e tres euros con sesenta e oito céntimos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(8.594.083,68 €) e un valor estimado de vinte e catro millóns setecentos noventa mil seiscentos vinte e seis euros (24.790.626 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos React-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014/2020, e se procede á súa convocatoria (código do procedemento BS623C). Importe total: seis millóns douscentos tres mil seiscentos tres euros (6.203.603 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia; na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de política social (código do procedemento BS623D). Importe total: once millóns cincocentos setenta e dous mil catrocentos cincuenta e nove euros (11.572.459 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Arume para o impulso á xestión forestal activa, por un importe total de 202.494,79 € para os exercicios 2021 e 2022.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as medidas de apoio para o reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con elevado incremento poboacional estacional a través do Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021-2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as zonas preferentes de actuación en masas de concentración parcelaria para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a conservación e restauración da biodiversidade dos bancos marisqueiros de Galicia ao abeiro das axudas establecidas nas seguintes ordes: Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, e a Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2022-2026 INICIARASE CON 148 ESTATÍSTICAS PROPIAS PARA AFONDAR NA TRANSPARENCIA, NA CALIDADE E NA ACCESIBILIDADE DA INFORMACIÓN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026
- O novo plan concíbese como un instrumento de ordenación e planificación da función estatística
- Busca responder ás demandas de información dos cidadáns, das institucións públicas e dos axentes económicos e sociais
- O Plan para o quinquenio 2022-2026 estrutúrase arredor de catro liñas de actuación relacionadas co territorio e o ambiente, coa sociedade, a estrutura produtiva e as tecnoloxías

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026, que se iniciará con 148 estatísticas propias que ampliarán a oferta informativa de Galicia e afondarán na transparencia, na calidade e na accesibilidade da información.

Este plan, que se concibe como un instrumento de ordenación e planificación da función estatística, desenvolverá e consolidará o sistema estatístico galego para acadar un conxunto coherente, rigoroso e actualizado dos datos.

Trátase de crear, organizar e difundir o coñecemento estatístico para responder ás demandas de información dos cidadáns, das institucións públicas e dos axentes económicos e sociais.

Obxectivos e novidades do Plan 2022-2026

O sistema estatístico debe prover de información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar e potenciar a creación de coñecemento para favorecer a toma de decisións.

Como principios de actuación para acadar os obxectivos do plan, no proxecto de lei figuran expresamente os de economía, aproveitamento das fontes existentes, redución das molestias aos informantes e o segredo profesional. Ademais, no articulado aparecen reflectidas outras boas prácticas, como o interese público, a obxectividade, pertinencia, transparencia, corrección técnica, comparabilidade e puntualidade.

Neste marco, un dos obxectivos principais deste proxecto de lei que agora seguirá o trámite parlamentario consistirá na aposta por integrar plenamente a información

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

administrativa nos procesos estatísticos co fin de reducir a carga de resposta e fornecer datos coa puntualidade precisa para a toma de decisións públicas e privadas.

Por outro lado, o novo plan reforzará o uso das fontes de información masiva vencelladas á dixitalización da economía e da sociedade e apostará pola interoperabilidade entre as administracións para incrementar a eficiencia e a accesibilidade coa difusión da información a través de formatos reutilizables.

Ademais, entre os seus obxectivos prioritarios para o quinquenio, está o de colaborar coa investigación científica, o impulso do uso da información estatística dispoñible para mellorar o seguimento das políticas públicas ou o de afondar en materias como a demografía, a estrutura sociolaboral e sociocultural, a cohesión territorial ou a conxuntura económica.

Liñas de actuación

O Plan galego de estatística 2022-2026 iniciárase con 148 estatísticas propias que se completarán con outras actuacións de difusión e análise co fin de incrementar o valor da información estatística dispoñible sobre Galicia. Todas estas operacións estruturaránse arredor de catro liñas de actuación: territorio, recursos naturais e ambiente, sociedade, estrutura produtiva e coñecemento e tecnoloxía.

Na primeira área recollerá estatísticas e actividades relacionadas co territorio/recursos naturais e co ambiente, mentres que na área de sociedade se incluírán aquelas relacionadas coa poboación e cos fogares, coa sanidade, a educación e o capital humano, o traballo, as condicións sociais, a cultura, o deporte e o lecer, e a vivenda.

Pola súa banda, no ámbito da estrutura produtiva recolleránse actuacións vencelladas ao sector agrario, á pesca e acuicultura, enerxía e industria, construción, aos servizos de mercado, á Administración pública, aos mercados e prezos, á actividade empresarial ou ao sistema de contas. Finalmente, en coñecemento e tecnoloxía incluíranse estatísticas e actividades relacionadas coa sociedade da información e coa ciencia e tecnoloxía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULARÁ O NOVO CERTIFICADO CON QUE AS PERSOAS DE GALICIA PODERÁN ACREDITAR AS SÚAS COMPETENCIAS DIXITAIS

- O texto do proxecto de decreto que regula o Marco galego de competencias dixitais foi aprobado hoxe polo Consello de Goberno
- O Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades para os novos contextos dixitais no eido cotiá, coas administracións e nos ámbitos laborais
- Galicia convértese na primeira comunidade en adaptar a súa normativa aos criterios do Marco europeo de competencia dixital para a cidadanía
- As acreditacións pasarán a formar parte do Rexistro de Certificacións Galegas de Competencias Dixitais, desde onde poderán ser descargados polos beneficiarios en formato dixital
- Acadar un 70 por cento da poboación con competencias dixitais en 2025, do cal polo menos a metade sexan mulleres, é un dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto que regulará o Marco galego de competencias dixitais, así como a certificación oficial destas competencias e os rexistros en que se poderán consultar esas acreditacións. O texto chegou ao Consello tras recibir o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia.

O Marco galego de competencias dixitais define os coñecementos, as habilidades e as aptitudes necesarias para o desenvolvemento dunha sociedade dixital e establece a referencia para a obtención da certificación e acreditación deses coñecementos. O novo certificado substitúe á certificación galega de competencias dixitais e ofimática (Codix) e nun prazo máximo dun ano estableceranse os criterios para a súa homologación.

O decreto desenvolve a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que promove a creación do Marco galego de competencias dixitais para dar resposta á necesidade de acadar unha cidadanía dixitalmente responsable nun contexto en que a relación coas administracións, a vida cotiá e o emprego requiren dun continuado uso das tecnoloxías da sociedade da información. Galicia é a primeira Comunidade Autónoma de España na adaptación á súa realidade do Marco europeo de competencia dixital para a cidadanía na súa versión recente e actualizada (*European Dixital Competence Framework – DigComp*).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A certificación permitirá dispoñer dun mecanismo normalizado de certificación das competencias dixitais por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que faga que calquera persoa maior de 16 anos poida acreditar o seu nivel de coñecemento, a capacidade e aptitude no eido dixital.

Haberá dous tipos posibles de certificación. O primeiro refírese á certificación por áreas de dominio competencial, ou agrupación de competencias, destinado aos niveis de aptitudes menores. O segundo tipo serán as certificacións por cada unha das competencias, destinadas aos niveis de aptitude máis avanzados.

As certificacións avaliarán 21 competencias englobadas en 5 áreas de dominio: información e datos, comunicación e colaboración, creación de contido dixital, seguridade e privacidade e solución dos problemas.

O certificado galego de competencias dixitais terá unha vixencia máxima de cinco anos, salvo no caso en que se modifique o Marco galego de competencias dixitais, no cal poderá perder a súa vixencia anticipadamente. Nesa situación, as persoas con certificación terán un prazo de doce meses para renova-la.

Ademais da certificación, o decreto aprobado hoxe regula a estrutura organizativa para a xestión e o soporte, así como as relacións coas entidades colaboradoras nas competencias dixitais; o Rexistro de Certificacións Galegas en Competencias Dixitais e o Rexistro de Entidades Colaboradoras.

A xestión do Marco galego de competencias dixitais corresponde á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), que se encargará tamén da convocatoria das probas para a obtención da certificación. As persoas que obteñan a acreditación poderán descargar o seu certificado desde o Rexistro Electrónico en formato dixital. Tanto para a formación como para as probas, contarase coa rede de centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMit), que conta con 97 aulas en 91 concellos.

O decreto tamén regula a creación do comité especializado para a definición do Marco galego de competencias dixitais. Estará formado pola Amtega e polos departamentos autonómicos con competencias en función pública e de avaliación e reforma administrativa, en formación profesional para o emprego, na ordenación e desenvolvemento das ensinanzas no sistema educativo, na formación e desenvolvemento profesional do profesorado, así como polas escolas de formación da Administración pública galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Comité, entre outras funcións, propondrá contidos, establecerá criterios de homologación e fará un seguimento do proceso de avaliación das competencias para mantelo actualizado.

O novo marco inclúe o Plan de capacitación dixital do persoal empregado público de Galicia, que deberán definir as competencias dixitais mínimas para poder acceder a un posto na Administración.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Amtega establecerán mecanismos de coordinación dos procesos de xestión, o Rexistro de Certificacións de Competencias Dixitais e os que se establezan para o caso do persoal do sistema educativo galego.

O Marco galego de competencias dixitais, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, alíñase co eixo 2 da Estratexia Galicia Dixital 2030: a configuración dunha sociedade dixital e inclusiva e, en concreto, coa área de actuación 1: promover as competencias dixitais para non deixar a ninguén atrás. Tamén fortalece a capacitación dixital do empregado público, de acordo co eixo 1: Goberno e Administración intelixentes.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 marcou como obxectivo cara a 2025 que o 70 por cento das persoas galegas teñan competencias dixitais básicas, das cales, cando o menos, o 50 por cento sexan mulleres.

Neste sentido, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) constatou que en 2020 aumentaron as competencias dixitais da cidadanía ata acadar o 52,1 % da poboación. Un 35,3% das persoas de Galicia de 16 a 74 anos tiñan competencias dixitais avanzadas en 2020, fronte ao 29 % no ano 2019. En termos evolutivos, representa un crecemento do 21,7 % no último ano, o que supera o ritmo de incremento que se rexistra en España (13,9 %). No que se refire ás competencias dixitais básicas, os datos indican que a situación de Galicia é similar á media española: un 16,8 % dos/das galegos contan con capacitación dixital de nivel básico fronte ao 19,1 % da media estatal. Cabe salientar que o 80 % das persoas de Galicia mostran competencias dixitais básicas ou avanzadas nas categorías de información e comunicación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CESAMENTO DE FRANCISCO BAREA COMO DIRECTOR DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Deixa o cargo que ocupaba desde hai un ano para asumir a Presidencia da Autoridade Portuaria de Ferrol

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o Decreto de cesamento de Francisco Barea Paz como director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), cargo que ocupaba desde setembro do ano pasado e que deixa para asumir a Presidencia da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Barea Paz é enxeñeiro superior pola Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña e técnico en prevención de riscos laborais, nivel superior. Ademais, conta cunha ampla traxectoria profesional no sector privado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DOS TREITOS INICIAIS DAS VÍAS AC-162 E AC-163 A PROL DO CONCELLO DE SADA

- Transfírense os treitos das estradas autonómicas que se corresponden coa avenida da Mariña, a avenida da República de Arxentina, a avenida de Sada e as contornas
- A entidade local terá competencia para actuar nestes treitos e asumirá a responsabilidade da súa conservación e o mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada do treito inicial da estrada AC-162 ata o límite do termo municipal e do treito inicial da estrada AC-163 ata Mera, no municipio de Oleiros.

O Concello solicitou ao Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia a transferencia da titularidade dos citados treitos iniciais destas dúas estradas autonómicas, que discorren por solo clasificado como urbano polo Plan xeral de ordenación municipal de Sada, contan con marcadas características urbanas e presentan un tráfico principalmente de ámbito local.

Trátase do treito da AC-162 correspondente á avenida da Mariña e á avenida da República de Arxentina ata o límite do concello con Bergondo e, doutra banda, o treito da AC-163 ata Mera, paseo marítimo, no treito coincidente coa avenida da Mariña, coa avenida de Sada e as contornas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña, formula a proposta favorable de transferencia do treito da AC- 162, entre os puntos quilométricos 0 e 0+980, así como do tramo da AC-163 que vai do punto quilométrico 0 ao 1+840. Estes treitos, en ambos os dous casos, sen funcionalidade dentro da rede de estradas autonómicas.

A transferencia a prol do Concello de Sada tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e o mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósanse os treitos obxecto de transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS, QUE ACADA UN TOTAL DE 2,61 MILLÓNS DE EUROS, CATRO VECES MÁIS CA EN 2020

No que respecta ao material sanitario, inclúese o equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da Covid-19 (anteparos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura, etc.)

O Consello da Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ao acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados, con relación á segunda convocatoria do ano 2021 de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos, por un importe de 1.910.000 euros, que sumados á primeira convocatoria resolta en febreiro do presente ano e que contou cun orzamento de 700.000 euros, acada a contía anual de 2,61 millóns de euros, preto de catro veces máis que o destinado no exercicio de 2020 cando se consignaron 700.000 euros.

Do mesmo xeito ca en 2020, a relación de equipamentos deportivos subvencionables non será limitativa e poderase ampliar a lista de material inventariable sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolta. No que respecta ao material sanitario, inclúese o equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da Covid-19 (anteparos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura, etc.).

Ademais, os clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas poderán recibir o pagamento do 100 % da subvención concedida de xeito anticipado, grazas á autorización do Consello da Xunta de Galicia.

As entidades beneficiarias deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na data da publicación da convocatoria anual de subvencións e ter actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

O financiamento outorgado polo Goberno galego será do 80 % do gasto subvencionable e establécese como importe mínimo unha contía de 1.000 euros e máximo de 5.000 por

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

club e por sociedade anónima deportiva, e de 10.000 por federación. Precisamente, para as federacións deportivas resérvase o 30 % do orzamento total da convocatoria.

A adquisición do equipamento deportivo por parte das entidades solicitantes dependerá da puntuación acadada segundo a aplicación dos criterios establecidos. Nesta convocatoria daráselle maior peso aos méritos da entidade deportiva, así como ao ámbito subxectivo do uso do equipamento.

Ademais, as entidades que recibiron axuda en 2020 poderán volver recibir subvención nalguna das dúas convocatorias de 2021. Non obstante, as entidades que non recibisen subvención nestes exercicios contarán con 10 puntos co obxectivo de achegar estas subvencións ao máximo de entidades posibles ao longo desta lexislatura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA, DA MAN DO SECTOR, UN OBSERVATORIO DA INDUSTRIA AEROESPACIAL CO OBXECTIVO DE CONSOLIDAR GALICIA COMO UNHA REXIÓN DE REFERENCIA NACIONAL E INTERNACIONAL

- O Consello da Xunta aproba un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain) e o Consorcio Aeronáutico Galego (CAG) para a creación e posta en marcha deste observatorio, para o cal destinará 589.000 euros
- Esta colaboración posicionará Galicia na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de prospectiva do sector
- Con este acordo dotaranse as empresas, administracións públicas, universidades e os centros de coñecemento de ferramentas que achegarán os datos e a información necesaria para adoptar decisións e para ganar competitividade no eido global
- As actuacións que se executarán no marco deste convenio permitirán desenvolver a industria aeroespacial galega e impulsar o segmento de sistemas aéreos non tripulados, permitindo ampliar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia
- Con este convenio, o Goberno galego segue adiante coa execución das medidas previstas na folla de ruta ata 2025

O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión desta mañá, aprobar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación –a través da Axencia Galega de Innovación (Gain)– e o Consorcio Aeronáutico Galego (CAG), por importe de 589.000 euros durante tres anos, para impulsar un observatorio da industria aeroespacial en Galicia.

Deste xeito, o obxecto do convenio é colaborar na creación, posta en marcha e xestión dun observatorio para xerar, atraer, compilar e divulgar coñecemento experto e estudos científicos en materia aeroespacial. Con este novo instrumento agárdase fomentar a elaboración de estudos científicos, crear un espazo común de acceso ao coñecemento na materia, estudar e definir as tendencias nacionais e internacionais, realizar eventos e actos de difusión dos resultados acadados, así como compilar, publicar e divulgar estudos e documentación científica de alto nivel e atraer talento científico.

Trátase de posicionar o observatorio como un centro de referencia a nivel nacional e internacional na realización e difusión de estudos científicos, económicos, estatísticos e de prospectiva do sector aeroespacial. En concreto, o convenio recolle actuacións como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a creación de contas sectoriais do segmento de sistemas non tripulados, a realización de informes e estudos estatísticos e econométricos de impacto do sector, así como de prospectiva, tendencias e evolución na creación e no crecemento de empresas. Tamén recolle a promoción, difusión e divulgación das actividades e dos estudos do observatorio.

Nace como un instrumento aberto á comunidade de empresas, universidades e centros tecnolóxicos en materia aeroespacial, polo que todo o traballo realizado lles permitirá dispor dunha fonte de información estratéxica e crear unha base de coñecemento que resultará clave á hora de adoptar decisións e deseñar accións de futuro. Xeraranse sinerxías entre os axentes do sector para identificar oportunidades, promover a colaboración e concorrer a proxectos estratéxicos para a captación de investimento.

Polo Aeroespacial de Galicia

O observatorio contribuirá ao desenvolvemento do sector aeroespacial en Galicia, incrementando a competitividade das empresas e creando emprego cualificado, ademais de impulsar os sistemas áreos non tripulados, o que permitirá aumentar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia.

Neste sentido, a sinatura deste convenio enmárcase nas medidas recollidas na estRatexia do Polo ata 2025. En concreto, no obxectivo relativo á xeración de capacidade e coñecemento científico básico en Galicia dentro do programa de investigación científica e na actuación para a capacitación científico-tecnolóxica de universidades e centros tecnolóxicos. Así, trátase da segunda actuación que se pon en marcha desta folla de ruta tras o lanzamento da licitación para seleccionar novos socios estratéxicos.

A través desta licitación, cuxo prazo de presentación de propostas se mantén aberto ata o 10 de setembro na páxina web www.civiluavsinitiative.com, a Xunta busca seleccionar entre catro e oito socios estratéxicos e tecnolóxicos para o Polo Aeroespacial de Galicia 2021-2025. Cun orzamento inicial de 40 M€, a previsión é que as empresas tractoras finalmente elixidas desenvolvan 80 proxectos de I+D, constrúan novos hangares no Parque Tecnolóxico e Industrial de Rozas (Castro de Rei, Lugo), onde xa están en marcha as instalacións de Indra e Babcock, e acaden un efecto multiplicador sobre a capacidade tecnolóxica de Galicia, apoiando o desenvolvemento e a consolidación de 80 pemes galegas.

Deste xeito, Galicia está dando continuidade á aposta iniciada en 2015 co desenvolvemento da industria aeroespacial e, en particular, dos vehículos non tripulados, a través dunha iniciativa que xa leva mobilizados 164 M€ público-privados e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que permitiu desenvolver 59 proxectos de I+D, crear ou acelerar 24 novas empresas e obter 655 resultados grazas á participación de 50 empresas e centros e 937 profesionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INICIA A EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA PAISAXE RIBEIRA SACRA QUE PREVÉ ACTUACIÓNS DE REVEXETACIÓN E UNHA NOVA SINALIZACIÓN

- O Consello autorizou esta mañá o convenio de colaboración que permitirá mellorar e conservar a riqueza patrimonial desta zona de Galicia
- Este plan axudará a ponderar os valores dos itinerarios paisaxísticos Chantada-A Ponte Nova dos Peares e Monforte de Lemos-mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asumirá o financiamento do 100 % das actuacións, cun investimento total estimado de 130.000 euros

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o convenio de colaboración que permitirá a execución das medidas que recolle o Plan de acción da paisaxe da Ribeira Sacra dirixidas, entre outras cuestións, a eliminar especies invasoras e facer revexetacións con autóctonas, así como á instalación de nova sinalización e paneis informativos.

Con estas actuacións porase en valor a paisaxe e a riqueza do territorio de dous itinerarios de interese paisaxístico con valores panorámicos localizados maioritariamente na Ribeira Sacra: o de Chantada-A Ponte Nova dos Peares e o de Monforte de Lemos-mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil —no tramo que conecta Cristosende co propio mosteiro—.

Cómpre lembrar que na actualidade a sinalización nestes itinerarios é antiga, está deteriorada e fóra de uso, polo que resulta necesario implantar unha nova, adaptada á contorna, tanto nos seus materiais como nas formas. Polo tanto, retirarase toda aquela que estea danada e implantarase a nova naqueles puntos identificados como prioritarios, sobre todo para axudar e orientar os visitantes.

De xeito complementario, tamén se instalarán paneis informativos, mesas panorámicas e outras ferramentas en puntos estratéxicos dos itinerarios para ofrecer datos de carácter ambiental, etnográfico, histórico e paisaxístico.

En canto ás tarefas de revexetación, erradicaranse as especies alóctonas invasoras que incidan sobre o estado de conservación ou sobre os valores paisaxísticos da Ribeira Sacra, primando a recuperación dos espazos con policultivos e froiteiras.

Para asegurar o desenvolvemento de todas estas actuacións, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará un total de 130.000 euros —o 100 % do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento pDA revisto—, coa seguinte repartición anual: 66.500 euros este ano e outros 66.500 euros en 2022.

Tamén se mellorarán as redes e os sistemas de información aos visitantes, coa elaboración de guías e material informativo sobre os itinerarios que se integran na área de especial interese paisaxístico da Ribeira Sacra.

Así mesmo, as accións previstas deberán ter en conta as recomendacións e directrices das guías da colección *Paisaxe Galega*, así como estaren coordinadas coas previstas no Plan de ordenación do medio físico (POMF) para a parroquia de San Fiz de Asma (Chantada), xa en fase final de redacción pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Este proxecto de impulso e mellora enmárcase dentro do Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, posto en marcha en 2019 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co fin de promover actuacións ambientais e de ordenación do medio físico cun orzamento de 3,5 millóns de euros, orientadas a mellorar e pór en valor este territorio, reforzando así a súa candidatura a reserva da biosfera.

Ademais, trátase do primeiro plan de acción elaborado conforme o previsto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O carácter pioneiro desta iniciativa permitirá non só acadar os seus obxectivos específicos de mellora da paisaxe, senón ademais fundamentar o inicio doutras actuacións semellantes, mediante as cales se avance na consecución dos obxectivos de calidade paisaxística para Galicia, que quedaron expresados tamén nas directrices da paisaxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CREA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA CONCELLOS CO FIN DE CORRIXIR IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EN EDIFICIOS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS

- A orde, cunha dotación inicial de 800.000 euros, conta con dúas liñas de actuación e as entidades locais poderán optar a unha axuda ao abeiro de cada unha delas
- Cando a actuación afecte un inmovible dedicado a servizos municipais, a subvención cubrirá o 70 % do investimento, cun límite de 25.000 €, e se a intervención se centra en fontes, lavadoiros, palcos de música ou hórreos, a contía máxima será de 10.000 €
- A medida enmárcase no compromiso do Goberno galego coa protección da paisaxe en todas as súas formas e vén sumarse á liña de incentivos convocada o pasado abril para animar a particulares a facer pequenas intervencións nas súas propiedades

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a convocatoria dunha nova orde de axudas dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes co fin de axudalos a corrixir diferentes tipos de impactos paisaxísticos presentes tanto nos seus edificios como en certos equipamentos públicos de titularidade municipal.

Esta é a primeira vez que o Goberno galego lanza unha liña de incentivos directos para entidades locais co fin de animalas a renovar, acondicionar ou intervir sobre inmoables da súa propiedade cuxo aspecto pode estar influíndo de forma negativa na contorna ou deteriorar a calidade da paisaxe que os rodea.

Para lograr estes obxectivos, a orde de axudas contará para este ano cun orzamento inicial de 800.000 euros con cargo aos orzamentos do Instituto de Estudos do Territorio e repartidos ao 50 % entre dúas liñas de actuacións diferenciadas. A primeira está reservada a intervencións sobre edificios ou dependencias que alberguen servizos municipais, incluíndo actuacións de renovación de acabamentos exteriores en fachadas, cubertas e cerramentos. A subvención suporá o 70 % dos investimentos previstos, cun límite máximo de 25.000 euros por concello.

A outra liña resérvase para actuar sobre fontes, hórreos, lavadoiros públicos e palcos de música a través da execución de traballos de acondicionamento, rehabilitación ou substitución, parcial ou total, dos elementos deteriorados. Neste caso, a porcentaxe subvencionable tamén será do 70 % do custo da obra, cun límite de 10.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Serán, en todo caso, actuacións de índole menor, xa que non se cambiará o uso nin se aumentará o volume dos elementos estruturais que compoñen os edificios e equipamentos municipais sobre os cales se intervén.

Ademais, os traballos deberán adaptarse ben aos criterios fixados na Guía de cores e materiais de Galicia ou ben aos da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados.

Por último, as actuacións subvencionables terán que estar executadas antes do 31 de decembro deste ano, que será tamén a data límite para que os concellos beneficiarios acheguen toda a documentación xustificativa dos investimentos realizados.

Os principais obxectivos desta nova orde de axudas son aumentar a sensibilidade das administracións municipais e dos cidadáns en relación coas alteracións ou posibles impactos paisaxísticos derivados de diferentes actuacións que xeran transformacións e afeccións no carácter ou na calidade da paisaxe, así como fomentar a colaboración e a acción coordinada entre as distintas administracións públicas.

Novo avance na protección da paisaxe

Esta nova orde enmárcase no compromiso do Goberno galego coa protección da paisaxe en todas as súas formas —naturais, rurais, urbanas e periurbanas— e vén sumarse á liña de incentivos, tamén pioneira e convocada no mes de abril, co fin de animar os cidadáns a facer pequenas intervencións de mellora nas súas propiedades.

De feito e en resposta á boa acollida que tivo esta liña de axudas para corrixir impactos paisaxísticos por parte de particulares, a Xunta ampliou a semana pasada de 1 a 1,2 millóns de euros o orzamento reservado a esta convocatoria co fin de poder atender o maior número de solicitudes posible.

Cómpre lembrar que a paisaxe é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas e, por iso, tamén debe ser o fiel reflexo dun medio de calidade e dunha sociedade en relación harmónica co seu contorno, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais dos ecosistemas naturais.

Por este motivo, a Xunta aposta agora por dar un paso máis, achegando aos concellos galegos unhas axudas que permitan recoñecer a todos os cidadáns a relevancia do seu papel e a importancia da responsabilidade compartida entre as administracións públicas para a mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través da resolución pola que se regulan as bases desta nova liña de axudas, en definitiva, promóvese unha cultura de dignificación do territorio galego en que a participación dos concellos se considera estratéxica para fomentar o coidado da riqueza paisaxística da Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADRÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS NECESARIAS PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓN CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 3 M€

- Melloraranse os espazos fluviais e a drenaxe do río Sar no cruzamento coa estrada AC-301, do rego Avelenda en Iria Flavia e do rego Tarrío no cruzamento co ferrocarril ao paso polo municipio, ademais de actuacións de protección da marxe dereita do río Ulla
- Segundo o convenio autorizado hoxe, a Xunta de Galicia comprométese a financiar integramente as actuacións, cuxos proxectos están contratados ou en proceso de contratación, e a executar as obras co obxectivo de telas rematadas a finais de 2023
- A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- As intervencións deseñadas por Augas de Galicia enmárcanse no Plan de xestión específico para a área fluvial dos ríos Ulla e Sar, declarada de risco potencial significativo de inundacións, actuando para minorar os efectos do cambio climático
- A Xunta segue a apostar pola colaboración entre as administracións e os axentes implicados para estaren mellor preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Padrón para minimizar o risco de inundación nos ríos Ulla e Sar e nos regos Avelenda e Tarrío, cun investimento autonómico de 3 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Padrón para levar a cabo as obras necesarias para minimizar as posibles consecuencias do desbordamento destes ríos e para atallar os posibles efectos do cambio climático.

Trátase de intervencións estruturais para a mellora dos espazos fluviais e a drenaxe do río Sar no cruzamento coa estrada AC-301 en Padrón, do rego Avelenda en Iria Flavia e do rego Tarrío no cruzamento co ferrocarril ao seu paso polo municipio, así como da protección da marxe dereita do río Ulla na vila coruñesa.

No cumprimento do obxecto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinadas a reducir os efectos negativos dos asolagamentos nesta área. Os traballos serán cofinanciados no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización. O obxectivo da Xunta é telas rematadas a finais do 2023.

Pola súa banda, o Concello de Padrón asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, tal e como establecen os convenios de colaboración destas características en todas as confederacións hidrográficas e de acordo coa instrución do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica. Tamén asume a obriga de conseguir as autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

As actuacións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico buscan minimizar os asolagamentos nesta contorna e están recollidas no Plan de xestión específico realizado na área de risco potencial significativo de inundacións dos ríos Ulla e Sar. Para iso, Augas de Galicia preveu as distintas opcións para o desenvolvemento de intervencións que contribúan a minimizar o risco de inundación, actuando para minorar os efectos do cambio climático.

Para avanzar nestas intervencións, Augas de Galicia xa ten adxudicada a redacción do proxecto construtivo das actuacións para a protección fronte ao desbordamento do río Ulla na súa marxe dereita, entre a desembocadura da canle de derivación do río Sar e a ponte da estrada N-550, por un investimento de 18.000 euros.

Ademais, están xa licitados e en fase de contratación a redacción dos proxectos construtivos para dotar de canal de protección contra inundacións o rego Avelenda ao seu paso por Iria Flavia, a mellora do espazo fluvial e de drenaxe deste rego, a mellora do espazo fluvial e de drenaxe do río Sar no cruzamento coa estrada AC-301 e a mellora do espazo fluvial e de drenaxe do rego Tarrío no cruzamento co ferrocarril.

Plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Hasta o pasado 30 de xullo estivo aberta á participación pública o novo Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027, que inicia o proceso de análise das achegas e suxestións, co obxectivo de poder aprobalo a finais de ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En paralelo, Augas de Galicia está a desenvolver os plans específicos de xestión en 9 zonas fluviais con maior risco de inundacións. Trátase das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Bahiña e o Groba, en Baiona; Lagares, en Vigo; Fontecova e Traspоста, en Viveiro; e o río Ulla-Sar, tanto en Padrón como en Valga, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira e Pontecesures.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, a Xunta e os concellos, para minimizar o risco de enchentes.

O Goberno galego segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estaren máis preparados fronte ao risco de inundacións e acadaren unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O SEU APOIO AO SERVIZO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR ADAPTADO E RENOVA O ACORDO COA FEGAMP PARA A LIMPEZA DOS CENTROS INTEGRADOS

- Eleva a colaboración para o servizo de transporte a 17 entidades, beneficiando un total de 363 alumnos con discapacidade
- Súmase un convenio máis á colaboración para facilitar o servizo de comedor adaptado, que chegará a un total de 498 alumnos
- Destina máis de 650.000 á Fegamp polo servizo de limpeza dos CPI

A Xunta de Galicia ampliará o seu apoio ao servizo de transporte e comedor escolar adaptado e renovará o acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a limpeza dos centros públicos integrados (CPI). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura destes acordos, que teñen como obxectivo fortalecer a rede de servizos complementarios apoiados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No referido ao transporte adaptado, asinaranse convenios con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, a Fundación Menela, a Asociación San Xerome Emiliani e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro. Deste xeito, elévase a colaboración para a prestación deste servizo a 17 entidades e beneficianse un total de 363 alumnos cun investimento de máis de 1 M€.

No caso do comedor adaptado, súmase a este paquete de colaboracións un convenio coa ANPA do colexio CEIP Escultor Acuña. Así, o vindeiro curso 2021/22 colaborárase con 14 entidades na prestación deste servizo, cun investimento de máis de 212.000 €, co que se beneficiarán 498 alumnos.

O obxectivo destes convenios é facilitar que o alumnado con discapacidade goce destes servizos complementarios adaptados ás súas necesidades, o que garante o seu dereito de acceder á ensinanza en igualdade de condicións ca o resto dos nenos en idade escolar.

Colaboración institucional

No caso do acordo coa Fegamp, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará 658.864 € para a limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega. En total, destinará 658.864 euros para este fin, que serán aboados á Fegamp para que se encargue da contratación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a FEGAMP no ano 2008, para o desenvolvemento do Pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre as administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Así, evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 13,2 M€ PARA INCENTIVAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- O Goberno galego colaborará cunha achega de 12,5 M€ cos centros da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i que se fagan ao longo deste ano
- A Administración autonómica tamén contribuirá ao financiamento dos gastos asociados á contratación dos profesionais seleccionados nas axudas Ramón y Cajal, que nesta convocatoria beneficiarán 17 profesionais

A Xunta de Galicia reforza o seu compromiso coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) para incentivar a actividade investigadora e promover o desenvolvemento científico e cultural da sociedade a través da promoción e captación do mellor talento cunha achega de 13,2 M€ ás universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Disto informou hoxe o Consello da Xunta, no cal se autorizaron novos convenios de colaboración con este fin.

Así, por unha banda, o órgano do Goberno galego aprobou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. Trátase dun convenio dotado con 3,18 M€ no cal se inclúen as iniciativas postas en marcha desde o pasado 1 de xaneiro ata o vindeiro 31 de decembro.

Esta achega súmase ás autorizadas pola Administración autonómica o pasado mes de xuño coas universidades da Coruña e de Vigo e que, no seu conxunto, suman unha achega de 12,5 M€ co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos ás universidades galegas.

No caso concreto de Santiago de Compostela, o convenio permitirá actualizar infraestruturas como os laboratorios de neurociencias e robótica ou a plataforma L2A2, entre outros. Así mesmo, inclúese tamén o apoio ao talento mediante o programa *Beatriz Galindo* ou o financiamento das bolsas de iniciación á investigación ou das convocatorias específicas de carácter internacional. A acción inclúe tamén a redefinición das estruturas de investigación coa creación de novos centros, o apoio aos centros interuniversitarios e reforza as estruturas existentes e accións transversais que van desde axudas á investigación a actividades de dinamización da actividade investigadora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As liñas recollidas no convenio complétanse con accións de mellora en cinco graos do Campus de Lugo e obras no Instituto Galego de Física de Altas Enerxía (IGFAE), no Laboratorio de Radiofísica e en diferentes espazos de investigación. Por último, inclúese unha partida de máis de 700.000 € para completar o proxecto do edificio Fontán na Cidade da Cultura.

Impulso á inserción laboral

Ademais destes convenios, o Goberno galego tamén contribúe ao desenvolvemento da investigación no ámbito das tres universidades galegas colaborando ao financiamento dos gastos asociados á contratación dos profesionais seleccionados polas axudas Ramón y Cajal. Así, mediante unha achega de preto de 750.000 €, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade colaborará cos custos asociados á contratación de 17 investigadores seleccionados pola actual convocatoria para seren contratados polas tres universidades galegas para desenvolver o seu traballo por un período de cinco anos.

As axudas Ramón y Cajal forman parte do Programa estatal de promoción do talento e da súa empregabilidade dentro do subprograma de incorporación. Trátase dunha iniciativa que busca financiar e incentivar, mediante convocatorias en concorrencia competitiva, a formación e especialización dos recursos humanos de I+D+i e impulsar a súa inserción laboral tanto no sector público coma no privado, así como facilitar a mobilidade internacional e a mobilidade dentro do sector público.

Programa de 40 M€

Estas accións enmárcanse no compromiso do Goberno galego de dotar o Sistema universitario de Galicia (SUG) dun completo ecosistema de investigación universitaria, encabezado polos oito centros acreditados como centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS). Neste momento a Xunta de Galicia ten en marcha un potente programa de formación e retención de persoal investigador que absorbe un orzamento de 40 M€ e inclúe os contratos predoutorais e posdoutorais, o novo Programa de atracción e retención de talento e a liña de apoio aos centros de investigación acreditados, aos cales se suman estes dous novos convenios e o que está previsto asinar tamén coa Universidade de Santiago de Compostela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA AS DÚAS PRIMEIRAS OBRAS DO PLAN CATEDRAIS CUN INVESTIMENTO DE 1,1 M€ EN OURENSE E TUI

- O Consello da Xunta autoriza os convenios de colaboración coas dioceses de Ourense e Tui-Vigo para actuar en ambos os dous complexos catedralicios
- Os traballos forman parte da follla de ruta deseñada polo Goberno galego para sentar as bases das accións de restauración nas catedrais galegas ata o Xacobeo 2027
- En total, a Administración autonómica prevé un investimento de preto de 7 M€ na catedral de San Martiño de Ourense e de máis de 9 M€ na de Tui

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos convenios de colaboración coas dioceses de Ourense e de Tui-Vigo para levar a cabo actuacións de conservación nas catedrais de San Martiño de Ourense e de Tui. Trátase dun acordo dotado con 350.000 € que se enmarca no Plan Catedralis posto en marcha pola Xunta de Galicia co obxectivo de sentar as bases das accións de restauración nas catedrais galegas co horizonte do Xacobeo 2027.

A través desta nova colaboración, a Administración autonómica garante a conservación e o futuro destes templos, de especial importancia para o Camiño de Santiago, traballando en colaboración coas distintas dioceses para sistematizar e actualizar todo o coñecemento existente sobre eles e, posteriormente, actuar de xeito planificado, coordinado e ordenado na súa restauración.

Así, tendo en conta os plans directores de cada un dos conxuntos, na catedral de San Martiño de Ourense, a intervención centrarase nas reixas e nos púlpitos da Capela Maior, incluíndo varias fases que van desde o acondicionamento da zona de traballo, a desmontaxe de varios elementos como os vidros, a toma de mostras ou a retirada de instalacións eléctricas.

Os traballos complétanse con labores de limpeza, coa elaboración de cartografías e a revisión de ancoraxes. Posteriormente procederase a aplicar un tratamento de consolidación e desinsectación e finalmente montaranse novamente as pezas e reintegraranse todos os materiais. Ademais dos traballos anteriores, prevese tamén que da análise pormenorizada do estado de conservación e funcional da estrutura interna das ferraxes das unións e dos accionamentos con que conta a reixa –que so é posible realizar unha vez iniciadas as obras e realizadas as desmontaxes– xurdan traballos complementarios para a rehabilitación estrutural e funcional destes elementos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe total da intervención ascende a preto de 430.000 €, dos cales a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegará máis de 170.000. O orzamento restante será achegado pola Diocese a través dos seus fondos propios e da subvención ao abeiro do Programa do 1,5 % cultural do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Ben de especial interese para o Camiño Portugués

Na catedral de Tui, pola súa banda, as actuacións que se porán en marcha grazas a este convenio encádranse na segunda fase de actuación sobre este templo para garantir o seu futuro, mellorar a accesibilidade e pór en marcha no conxunto o museo previsto no Plan director.

En concreto, os traballos consisten na preparación dos accesos, na posta en valor da zona exterior, na recuperación dunha pequena edificación do recinto en ruínas para o seu uso como punto de información e na dotación dunha nova envolvente ao local de instalacións para dignificalo e incorporalo de novos aseos. Para completar o proxecto actuarase nos arcos da sala capital, eliminaranse as humidades das terrazas do claustro e mellorarase a súa accesibilidade coa prolongación do ascensor existente.

Por último, está previsto desenvolver un novo proxecto museográfico adecuado aos espazos destinados ao novo museo, así como ao discurso coherente das pezas de que se dispón.

Os traballos contan cun orzamento de 675.460,99 €, dos cales a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achega 176.909,86 €, mentres que a cantidade restante é achegada pola propia Diocese a través dos seus fondos propios e da subvención ao abeiro do Programa do 1,5 % cultural do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Exemplo de colaboración

As actuacións que se porán en marcha supoñen un exemplo de colaboración en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, tendo en conta a relevancia social e a importancia destes templos, que contan coa categoría de ben de interese cultural, non só para os municipios en que se atopan, senón tamén para o Camiño de Santiago, ao se localizaren ao pé da Vía da Prata, no caso da catedral de Ourense, e do Camiño Portugués, no caso da catedral de Tui.

Así mesmo, ademais destes traballos, a Xunta de Galicia tamén prevé outras actuacións nestes templos. En concreto, tal e como se recolle no Plan Catedrais, a Administración autonómica investirá preto de 7 M€ para garantir a conservación da catedral de San

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Martiño de Ourense. Pola súa banda, o investimento na catedral de Tui será de máis de 9 M€ para actuar en todo o complexo.

Incremento do 19 % nos orzamentos

Tanto estas actuacións como todas as deseñadas ao abeiro do Plan Catedrais 2021-2027 encádranse no firme compromiso que a Xunta de Galicia mantén nos últimos anos coa conservación do patrimonio cultural e artístico da Comunidade e que se reforzou nas contas deste ano cun incremento do 19 % no orzamento destinado a este fin. O obxectivo é pór en valor estes inmobles para garantir a súa conservación e que continúen funcionando como motores para o desenvolvemento cultural, social e económico das cidades, dos bispados e dos territorios a que pertencen.

Así, a súa posta en marcha favorecerá que os templos manteñan a súa función propia e que continúen funcionando como unha testemuña da tradición e do inxente patrimonio moble, artístico e inmaterial que atesouran xunto cos seus museos, arquivos e pazos episcopais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 250.000 € PARA O ACONDICIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE ORDES

- O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un convenio co para facer melloras de eficiencia enerxética neste equipamento cultural
- Enmárcase no traballo do Goberno autonómico por garantir o acceso á cultura e por elevar os niveis de servizo

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un convenio co Concello de Ordes polo que o Goberno autonómico investirá 250.000 € no acondicionamento da Casa da Cultura de Ordes e realizará melloras de eficiencia enerxética neste equipamento cultural.

En concreto, arranxaranse problemas derivados dun deficiente illamento térmico, así como na acústica do auditorio e na visibilidade do escenario e implementarase un sistema eficiente de climatización. A colaboración do Goberno autonómico -que supón máis do 60 % do investimento global- asinarase a dous anos, coa intención de mellorar este equipamento cultural de cara a 2022.

Esta infraestrutura dá servizo á comarca de Ordes, formada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo, e conta cun auditorio que ten unha capacidade de máis de 260 prazas. Enmárcase no traballo do Goberno autonómico por garantir o acceso real á cultura e por elevar os niveis de servizo no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COMPLETARÁ A OFERTA MUSEÍSTICA DE BUEU CUN NOVO CENTRO QUE DIVULGUE O SEU PASADO ROMANO

- O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un convenio de 225.000 € co Concello para musealizar os restos atopados na escavación do lugar da Pescadoira que inclúen vestixios dunha fábrica de salgadura do S. II d.C.
- Con este proxecto percorrerase cronoloxicamente a historia da pesca e o patrimonio marítimo en Bueu comezando pola nova Sala de Interpretación do Bueu Romano para seguir no Museo Massó e rematar coa visita ao estaleiro de Purro

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un convenio con Concello de Bueu para a posta en marcha dunha nova sala de interpretación que poña en valor o pasado romano da vila cun investimento de 225.000 euros. Trátase dunha infraestrutura que suporá un paso importante para difundir o patrimonio cultural e completar a oferta museística da localidade, onde a Xunta de Galicia xa xestiona o Museo Massó -un dos máis importantes da Península no ámbito da cultura mariñeira- e fará posible divulgar os restos atopados nos dous xacementos arqueolóxicos descubertos durante as escavacións do lugar da Pescadoira.

En concreto, para a posta en marcha da nova sala de interpretación, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade sufragará máis do 80 % da obra e o Concello de Bueu acondicionará un local de propiedade municipal situado na zona. Suporá a musealización de pezas que corresponden a un obradoiro de cerámica, como un forno de planta circular e restos dunha fábrica de salgadura do século II d.C., entre outras edificacións anexas atopadas na escavación arqueolóxica realizada na rúa Montero Ríos (lugar da Pescadoira) para a urbanización do lugar.

Este proxecto súmase aos traballos que vén realizando no Museo Massó para o acondicionamento das cubertas, na carpintaría e fachada por máis de 80.000 euros. Son uns traballos clave que tamén farán posible ampliar o espazo de exposición permanente no museo que se dedicará a Urbano Lugrís.

Con ambas as actuacións, a Xunta mellora a oferta museística da localidade e facilita un percorrido cronolóxico pola historia da vila. Neste sentido, empezárase pola nova Sala de Interpretación do Bueu Romano, continuarase polo Museo Massó no cal se pode afondar na historia da industria conserveira da zona e rematarase a visita no estaleiro de Purro, peza clave do patrimonio marítimo representativa das carpintarías de ribeira para coñecer a construción das embarcacións tradicionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través deste convenio, a Xunta continúa garantindo a difusión do patrimonio cultural de Galicia e propón unha oferta museística completa e de calidade que se rexe coa nova Lei de museos, xa en vigor e que está a permitir coordinar e xestionar de xeito integrado a política neste eido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA EDUCACIÓN DIXITAL 2030, CUN INVESTIMENTO INICIAL DE 120 M€ PARA ACADAR UN ECOSISTEMA EDUCATIVO DE ALTO RENDEMENTO E A TRANSFORMACIÓN NAS AULAS

- O plan recolle unha ducia de actuacións de impacto en todas as áreas académicas que se intensificarán especialmente nos tres primeiros anos de implantación, co fin de sentar as bases de futuro
- A primeira das accións clave será a creación, o acondicionamento e a dotación de polos creativos en todos os centros do sistema educativo público galego para fomentar as competencias STEM, a solución de problemas reais e o pensamento de deseño
- Continuarase coa dotación progresiva de equipamento dixital nas aulas, así como coa renovación e actualización do xa existente
- Os centros contarán con asesoramento e mentorización para elaborar o Plan dixital de centro
- Outras das accións salientables son a integración da intelixencia artificial, as competencias STEM, a xestión intelixente, a robótica e o uso doutras tecnoloxías intensivas a través de propostas curriculares, formación específica e fomento de proxectos
- Co fin de corrixir a fenda de xénero e favorecer a incorporación das mulleres ao eido dixital, a perspectiva de xénero introducirase de xeito transversal en todas e cada unha das accións que deriven desta estratexia
- Poranse en marcha accións formativas, tanto para o profesorado como para as familias, en competencias dixitais básicas e específicas e en acompañamento familiar dixital

O Goberno galego acaba de aprobar a Estratexia educación dixital 2030, o documento planificado de accións coordinadas que se sustenta en dous piares básicos: o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e o perfeccionamento das competencias e capacidades necesarias para acadar unha verdadeira transformación dixital.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe ao documento que será a folla de ruta da transformación dixital do sistema educativo público galego nesta década, un plan que está dotado con 120 M€ para os primeiros tres anos de aplicación.

Para levar a cabo estes obxectivos, a Estratexia educación dixital 2030 define unha ducia de accións clave de impacto interrelacionadas entre si que abranguen todas áreas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

académicas e teñen en conta a totalidade dos integrantes da comunidade educativa (docentes, alumnos e familias). Trátase de actuacións xerais como a dotación de polos creativos, aulas dixitalizadas, o Plan dixital de centro, a integración da intelixencia artificial, a dotación de equipamento específico, a formación do profesorado e das familias, premios e proxectos, sistemas de xestión de datos, auditorías de accesibilidade, desenvolvemento de contidos dixitais e loita contra a desinformación.

Todas elas están enfocadas a unha maior presenza da educación dixital nas aulas co fin de acadar a cidadanía dixital plena (convivencia dixital pacífica, alfabetización informacional e loita contra a desinformación, pensamento crítico...), fomentar contextos híbridos de ensino-aprendizaxe (que mesturan o dixital e o presencial), atallar a fenda dixital (fenda de xénero, socioeconómica...) e abordar o reto demográfico, de consolidación da poboación en contornos rurais, e de sustentabilidade.

Polos creativos

A primeira das actuacións de impacto que prevé a Estratexia educación dixital 2030 é a creación, o acondicionamento e a dotación de polos creativos en todos os centros educativos públicos de Galicia. Estes polos -que son a evolución dos espazos Maker implantados inicialmente como experiencia piloto en 20 centros- configúranse como espazos de cocreación desde unha perspectiva de competencia STEM (Ciencia, Tecnoloxía e Matemáticas), de solución de problemas reais, pensamento de deseño e habilidades. Falamos, por tanto, de espazos que servirán de referente para os clubs de ciencia e outras iniciativas como robótica de primaria e que estarán conectados a través da rede eStemgal.

Os centros, igual que contan con espazos consolidados que representan un pilar fundamental no día a día académico, como é o caso das bibliotecas escolares ou os laboratorios, a partir de agora disporán destes polos creativos coa dotación necesaria como material de creación e procesamento audiovisual, tecnoloxías de control computerizado, domótica e fabricación aditiva, electromecánica, robótica e microcontroladores que facilitarán a cocreación conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias.

De feito, fomentaranse especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos en actividades tanto de formación como de creación. Ademais, estes polos creativos estarán abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais no conxunto da cidadanía.

Plan dixital de centro

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os centros tamén contarán cun Plan dixital de centro para poder desenvolver de xeito planificado a implantación de todas as medidas recollidas, así como o aproveitamento de todos os recursos con que van contar a partir de agora. Para iso contarán co adecuado asesoramento e mentorización.

Ademais, a través deste plan, a Xunta continuará coa dotación progresiva de equipamento dixital nas aulas, necesario para acadar con éxito o reto da transformación dixital, non só con novos recursos senón tamén coa actualización dos xa existentes.

A través deste equipamento dixital xeral, coma dos polos creativos dos centros, desenvolveranse accións integradas para o desenvolvemento específico das competencias STEM, a xestión intelixente a través da intelixencia artificial, a robótica e o uso de tecnoloxías intensivas, facendo especial fincapé na integración curricular, a formación específica integral e o fomento de proxectos STEM que involucren os alumnos e as familias a través duna perspectiva de aprendizaxe-servizo.

Plan formativo en recursos especializados

A Estratexia educación dixital 2030 recolle unha epígrafe específica de formación en recursos dixitais especializados que incluírá accións formativas orientadas a familiarizar a comunidade educativa con tecnoloxías específicas e formar en competencias, habilidades e capacidades profesionais.

Así pois, o profesorado recibirá formación xeral en competencias dixitais en nivel básico, medio e avanzado, formación específica en áreas de especialización, uso de equipamento concreto e tecnoloxías intensivas, en pensamento de deseño e resolución de problemas, e en loita contra a desinformación.

Cómpre destacar as accións formativas en áreas chave no desenvolvemento como é a transformación e competitividade dos sectores produtivos. Neste eido prevense actuacións de capacitación profesional do alumnado a través da FP e das ensinanzas de réxime especial, de xeito que estes estudantes coñezan os recursos dixitais dos diferentes ámbitos profesionais de cara á súa elección vocacional. Isto é, campos como os do comercio electrónico, o posicionamento web, a administración, transparencia e seguridade dixital, a e-saúde e a atención sociosanitaria dixital, o e-agro e a xestión intelixente de recursos mariños, mecanización e fabricación aditiva, intelixencia artificial, domótica avanzada e asistencia no fogar ou inclusión dixital, entre outros.

O ámbito formativo tamén se estende ás familias, enfocado á adquisición de competencias dixitais básicas, o acompañamento dixital familiar ou o uso de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

equipamento específico, e á loita contra a desinformación (cun plan integral de sensibilización dirixido a todos os colectivos).

Doutra banda, a Consellería ten en marcha o Plan de nova arquitectura pedagóxica en consonancia coa Estratexia dixital, para garantir que os espazos educativos sexan favorecedores da transformación dixital. Para iso, no deseño dos espazos teranse en conta os polos creativos, os espazos para o traballo cooperativo e para a aprendizaxe virtual cos que van contar os centros educativos.

Perspectiva de xénero e accesibilidade

Outro dos puntos salientables é a introdución da perspectiva de xénero de xeito transversal en todas as actuacións e iniciativas que deriven da Estratexia de educación dixital. Así pois, levaranse a cabo medidas de acción positiva e actuacións concretas para corrixir a fenda dixital de xénero e favorecer a incorporación das mulleres ao eido da educación dixital.

Este punto tamén abrangue mecanismos específicos para formar o alumnado nos riscos vinculados ás novas tecnoloxías con perspectivas de xénero, mediante protocolos de actuación de modelos de boas prácticas.

En canto á accesibilidade, inclúese o Plan de atención ao alumnado vulnerable, con accións de apoio e seguimento para as contornas virtuais e dixitais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DOS MEDICAMENTOS DE AXENTES ESTIMULANTES DA ERITROPOESE PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS POR UN IMPORTE DE 8,5 MILLÓNS

- Trátase de medicamentos utilizados, fundamentalmente, no tratamento da anemia asintomática asociada á insuficiencia renal crónica e na anemia inducida pola quimioterapia en pacientes con neoplasias malignas

O Consello da Xunta autorizou a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese para os centros hospitalarios do Sergas, por un importe total de 8.594.083 euros.

Os axentes estimulantes da eritropoese son medicamentos utilizados, fundamentalmente, no tratamento da anemia sintomática asociada á insuficiencia renal crónica e na anemia inducida pola quimioterapia en pacientes con neoplasias malignas.

Entre outras indicacións minoritarias deste grupo de medicamentos atópase a súa utilización en programas de predoazón para aumentar o rendemento de sangue autólogo, a anemia sintomática en pacientes con síndromes mielodisplásicas ou a súa utilización na redución da necesidade de transfusións de sangue previa a unha intervención cirúrxica ortopédica electiva maior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA UN 12 % AS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

A nova orde de axudas para o período 2021-2023 supera os 6,2 millóns de euros, fronte aos 5,5 da anterior

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde de axudas aos concellos para desenvolver programas de inclusión da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. A contía destas achegas para o período 2021-2023 incrementa un 12 % respecto da última convocatoria, ao pasar de 5,5 millóns de euros a máis de 6,2.

O obxectivo das actividades financiadas poden ser a adquisición de formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios, a realización de actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial e programas de educación e apoio familiar.

Nesta convocatoria, o período para levar a cabo os programas subvencionados aumenta de 20 a 22 meses, para que os proxectos teñan maior estabilidade financeira e poidan ter marxe para seren máis ambiciosos. Ademais, por segunda vez, inclúese un programa específico para a atención ás persoas sen fogar, na liña do plan pioneiro que ten en marcha a Xunta de Galicia para axudar este colectivo a superar a súa situación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ABRE UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS SOCIAIS CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF

- Trátase dun adianto de 11,5 millóns de euros para que as entidades sociais poidan planificar os programas que van desenvolver
- Esta partida verase incrementada unha vez que o Goberno central autorice a transferencia do importe restante ata acadar os 20,7 millóns de euros que lle corresponden a Galicia

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a unha nova convocatoria de axudas con cargo ao 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) destinadas a impulsar programas de carácter social por un importe de 11,5 millóns de euros. Trátase dun adianto para que as entidades sociais poidan planificar os programas que van desenvolver.

Esta partida verase incrementada unha vez que o Goberno central autorice a transferencia do importe restante ata acadar os 20,7 millóns de euros que lle corresponden a Galicia, que é a segunda comunidade en que máis medra a asignación. Ademais, esta corresponde á parte dos fondos derivada do recadro social do IRPF que xestiona a Consellería de Política Social e que se engaden a outros xestionados pola Secretaría Xeral da Igualdade e pola Consellería de Sanidade.

Os programas que se poderán financiar serán de tres tipos: de loita contra a violencia de xénero e fomento da igualdade, de asistencia a persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia e mocidade, así como programas que favorezan a inclusión social, e de prevención, redución do dano, atención integral e incorporación social no ámbito das persoas con trastornos aditivos.

As axudas financiarán gastos correntes deste tipo de programas, aínda que no caso da orde que xestiona a Consellería de Política Social, a de máis contía, tamén está previsto financiar gastos de investimento referidos a obras de equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos adaptados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN ARUME DESTINARÁN MÁIS DE 200.000 EUROS A IMPULSAR A PRODUCCIÓN DE MATERIAL XENÉTICO DE PIÑEIRO DE ALTA CALIDADE PARA ABASTECER A DEMANDA DA INDUSTRIA GALEGA

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e a devandita fundación para contribuír ao desenvolvemento forestal da nosa Comunidade incidindo na mellora xenética das coníferas máis solicitadas
- Así, potenciarase a investigación cun papel clave do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, mentres na fase de produción de plantas melloradas se apostará polo labor da Fundación Arume e pola coordinación entre distintos viveiros galegos
- Ademais, divulgaranse as vantaxes que ten o uso deste material entre os titulares, xestores e empresas de servizos e de aproveitamento de madeira, ademais de concienciar sobre a importancia das repoboacións forestais nun contexto de descarbonización e loita contra o cambio climático
- A Consellería do Medio Rural impulsará a posta á disposición de terreos para levar a cabo iniciativas de mitigación do cambio climático en montes de xestión pública e en parcelas forestais obxecto de desenvolvemento dos instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra
- Mentres, a Fundación Arume -declarada de interese para o desenvolvemento forestal de Galicia- será o punto de contacto para aquelas entidades que desexen realizar esas accións de mitigación nos montes galegos durante a vixencia do acordo, que se prolongará ata o final de 2022

O Consello da Xunta deu hoxe paso á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Arume para contribuír ao desenvolvemento forestal de Galicia. En concreto, para fomentar a produción e a comercialización de material xenético de alta calidade (plantas e sementes), especialmente do piñeiro. O importe total do convenio supera os 200.000 euros, dos que o Goberno galego achegará máis de 140.000 euros. O acordo estará en vigor ata o 31 de decembro de 2022.

O convenio -que se subscribe despois de que a Fundación Arume fose declarada de interese para o desenvolvemento forestal de Galicia e, polo tanto, adscrita ao protectorado da Consellería do Medio Rural- persegue apoiar o sector forestal da nosa comunidade dun xeito sustentable, a través de catro accións concretas. Primeiramente, reforzaranse as liñas de investigación en materia de mellora xenética forestal, en especial das especies coníferas máis demandadas pola industria galega. Nesa liña, contratarase un investigador para reforzar o equipo que se dedica a esta materia no Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán e convidarase un/unha científico/a de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fóra de Galicia a realizar unha estadía na nosa Comunidade dedicada á formación de investigadores e á divulgación de técnicas de mellora xenética avanzada.

Ao abeiro da segunda acción, porase en marcha un programa de produción vexetativa forestal das principais especies de piñeiro para o incremento deste material entre os titulares, xestores e empresas de servizos e de aproveitamento de madeira de Galicia. En concreto, a Fundación Arume centrarase en promover traballos de embrioxénese somática (transformación dunha soa célula nun individuo multicelular máis complexo no seo da semente), mentres que apostará pola coordinación entre viveiros galegos para desenvolver técnicas de estacas (emprego dun anaco de talo, dunha folla ou dunha raíz para multiplicar as plantas).

No marco do terceiro punto, a Fundación Arume será o punto de contacto para aquelas organizacións, asociacións ou empresas que desexen realizar accións de mitigación do cambio climático a través de actuacións forestais en montes de Galicia. Nesa dirección, a Consellería do Medio Rural favorecerá e impulsará a posta á disposición de terreos para levar a cabo esas iniciativas en montes de xestión pública, así como en parcelas forestais obxecto de desenvolvemento dos instrumentos previstos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Por último, o convenio de colaboración recolle a realización de cursos, seminarios ou obradoiros de traballo para divulgar as vantaxes económicas e ambientais que comporta o uso de material xenético de piñeiro mellorado entre os titulares, xestores e empresas de servizos e de aproveitamento de madeira. Así mesmo, prevese a edición de folletos e a incorporación de información ao respecto nas páxinas web tanto da Fundación Arume, como da Consellería do Medio Rural.

Deste xeito, máis aló do financiamento, a Consellería do Medio Rural achegará a este proxecto a posta á disposición de terreos de xestión pública para a execución das actuacións descritas e, de ser o caso, dos terreos forestais que voluntariamente se integren nas accións dirixidas á mitigación do cambio climático. Tamén se compromete á transferencia de material forestal de reprodución daquelas familias catalogadas de piñeiro que amosan significativa resistencia ao nematodo para a súa utilización nas repoboacións que se leven a cabo con esta especie ao abeiro do convenio. Ao tempo, a Consellería achegará persoal técnico para valorar, asesorar e apoiar as actuacións dispostas, un persoal que tamén achegará a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, a maiores dos medios técnicos do CIF de Lourizán necesarios para a realización da actividade investigadora, baixo a dirección e coordinación do persoal responsable do centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa parte, a Fundación Arume non só exercerá de instrumento vehicular entre as organizacións, asociacións ou empresas que estean interesadas en facer accións de mitigación do cambio climático e aqueles titulares de terreos forestais que voluntariamente desexen desenvolver estas iniciativas, senón que tamén se ocupará de seleccionar e contratar durante ano e medio o investigador comprometido no acordo, coa posibilidade de financiamento dunha misión técnica de dous meses a un país avanzado en materia de mellora xenética e reprodución de coníferas. Tamén se encargará da viaxe a Galicia e estadía dun/dunha experto/a durante un máximo de seis meses para reforzar a mellora xenética de coníferas.

Plan forestal de Galicia 2021-2040

Este convenio camiña cara o que persegue o Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica. Así, a mellora xenética das distintas especies forestais da nosa Comunidade é un dos principais obxectivos do citado plan, que procura un monte multifuncional onde se compatibilicen os usos económicos e sociais cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques (valores edáficos, hidrícos, ecolóxicos e a conservación dos recursos de fauna e flora), con especial atención a políticas de conservación *in situ* dos recursos xenéticos, complementadas con accións de conservación *ex situ*. En concreto, entre outras medidas, ao abeiro deste plan prevese a posta en marcha dun programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá, deica o ano 2040, 15.000 hectáreas de superficie.

Así mesmo, en relación coas coníferas e especialmente co piñeiro, o Plan forestal tamén prevé fomentar a través de liñas de axuda as repoboacións e reforestacións de alta calidade xenética deste tipo de especies, incrementando mediante esta vía a superficie que ocupan estas árbores en 20.000 hectáreas no prazo de 20 anos. Tamén se aplicarán actuacións silvícolas nun total de 50.000 hectáreas de coníferas deica o ano 2040 e irase incrementando a porcentaxe de volume de cortas con destino á serra ou usos estruturais ata un 75 % nese tempo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DUPLICA O ORZAMENTO PARA A CONTRATACIÓN NESTE VERÁN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS

- O Consello da Xunta informou hoxe das medidas de apoio para reforzar a seguridade nos municipios con elevado incremento de poboación na época estival a través do Plan específico de subvencións para contratar auxiliares de Policía local na época estival
- O Goberno galego achega ata 145.000 euros este ano, o que supón máis do dobre ca os 70.000 euros das últimas convocatorias
- O aumento do orzamento permitiu contar con máis beneficiarios e financiar a contratación de auxiliares de Policía local este ano nos concellos de Sanxenxo, O Grove, Baiona, A Guarda, Miño, Poio, Nigrán, Cambados, Cangas, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Tui e Vilagarcía de Arousa
- A Xunta leva investidos case 700.000 euros desde a posta en marcha do plan

O Consello da Xunta informou hoxe das medidas de apoio para reforzar a seguridade nos concellos turísticos cun elevado incremento da poboación estacional a través do Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán. O Goberno galego destina este ano a este plan un total de 145.000 euros, máis do dobre que os 70.000 euros tanto da última convocatoria de 2019 coma dos anos anteriores desde que se puxo en funcionamento plan en 2012 cunha partida de 60.000 euros.

Desde a posta en marcha do plan, o Goberno galego leva investidos case 700.000 euros no financiamento da contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade.

A Xunta colabora desta forma cos concellos máis turísticos de Galicia co obxectivo de reforzar a eficacia dos seus corpos policiais mediante estas axudas ás contratacións de persoal auxiliar de Policía local. Ademais, apoia así o labor que desempeñan os corpos de policía no contexto actual derivado da crise sanitaria causada pola covid-19 que esixe controlar o cumprimento das medidas de prevención e seguridade.

A colaboración da Xunta cos concellos para apoiar a prestación de servizos reflíctese tamén neste plan que axudara de xeito substancial ás facendas locais para garantir a seguridade de veciños e visitantes reforzando este servizo debido ao estacional da poboación..

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este plan permite subvencionar aquelas contratacións realizadas entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2021 e, como consecuencia dos criterios de selección, os concellos os concellos beneficiarios das axudas á contratación de auxiliares de Policía local este ano son Sanxenxo, O Grove, Baiona, A Guarda, Miño, Poio, Nigrán, Cambados, Cangas, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Tui e Vilagarcía de Arousa.

O incremento do orzamento permitiu precisamente incrementar tamén o número de concellos beneficiarios. Así, se nos case 10 anos nos que leva en funcionamento o plan se distribuíron axudas a Baiona, Cangas, O Grove, A Guarda, Nigrán, Poio, Ribeira Sanxenxo ou Sarria, o aumento da contía para este exercicio fixo que se puideran unir Cambados, Miño, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Tui ou Vilagarcía de Arousa

As axudas distribúense tendo en conta a porcentaxe que representan as prazas hoteleiras en cada concello sobre a cifra de poboación, sendo beneficiarios os concellos que experimentan na tempada de verán un incremento estacional de poboación e que teñan un mínimo de 1.000 prazas.

Deste xeito, nos municipios nos que as prazas de aloxamento supoñan máis da metade sobre o total de habitantes reciben axudas por importe de 20.000 euros, como é o caso de Sanxenxo e O Grove. Nos concellos que as prazas de aloxamento representan máis do 20% -isto é Baiona, A Guarda e Miño- a contía máxima é de 12.000 euros, mentres que nos que como Poio ou Nigrán, onde a porcentaxe supera o 15%, a subvención é dun máximo de 10.000 euros. Cambados, Cangas, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Tui e Vilagarcía de Arousa recibirán 7.000 euros en cada caso, debido a que as prazas de aloxamento en comparación coa poboación é inferior ao 15%.

Outros criterios de selección foron dispoñer da declaración como municipios turísticos galegos segundo o Decreto 32/2015 do 16 de febreiro; ter unha poboación igual ou superior a 5.000 habitantes segundo as cifras oficiais de poboación de 2020; contar cun corpo de policía local, e participar no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de Policía local, convocado pola Orde do 29 de marzo de 2021. Alternativamente requiriuse ter convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de Policía local durante este 2021, e ter remitidas as bases da dita convocatoria á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para os efectos da emisión de ditame.

Tamén se incluíron os concellos adheridos ao convenio xeral de procesos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía e auxiliares de Policía local que contrataron persoal auxiliar de Policía local neste 2021, segundo informe da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A NOVA ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DE GALICIA APOSTA POLA DIXITALIZACIÓN E A DIVERSIFICACIÓN DE MERCADOS PARA ACADAR OS 25.000 MILLÓNS ANUAIS EN EXPORTACIÓNS NO 2025

- A Xunta de Galicia inclúe un plan de acción para o período 2021-2023 que suma máis de 70 M€ na procura de impulsar a recuperación económica do tecido empresarial galego tras a pandemia da Covid-19
- O fomento da innovación, a atracción de talento galego internacional, o acompañamento e a difusión dos casos de éxito configúranse como os eixes principais de actuación para esta fase inicial da nova estratexia
- O Goberno autonómico prevé ter abertas en 2022 novas antenas en Toquio e Dubai para facilitar a internacionalización das pemes galegas nestes mercados
- A convocatoria do programa ReAcciona Covid-19 incluírá dúas novas liñas de análise de mercados internacionais e elaboración de plans estratéxicos adaptados ao novo escenario
- Impulsaranse medidas específicas para seguir apoiando o sector vitivinícola e o Contract

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo á nova Estratexia de internacionalización de Galicia para o período 2021-2025, a folia de ruta coa que o Goberno galego busca facilitar a saída ao exterior do tecido empresarial da Comunidade e que ten, como principais claves, a aposta pola dixitalización e a diversificación dos mercados exportadores. Sobre estes eixes, a Administración autonómica aspira a que se acaden as 8000 empresas exportadoras neste lustro e os 25.000 millóns anuais en exportacións, incrementando especialmente a presenza galega en países de fóra da Unión Europea.

Neste sentido, a Estratexia busca que as compañías galegas multipliquen por tres as exportacións a América do Norte, e dupliquen as súas vendas a América do Sur e Asia, ademais de incrementar en máis dun 25 % as exportacións ao Reino Unido.

Para acadar ditas metas, a Estratexia contempla, como primeiro paso, un plan de acción inicial para o período 2021-2023 que suma máis de 70 millóns euros para impulsar a recuperación económica do tecido empresarial galego tras a pandemia da Covid-19. Un programa que se sustenta sobre catro piares: o fomento da innovación, a atracción de talento galego internacional, o acompañamento ao tecido empresarial e a difusión de casos de éxito.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro deles, o relativo á innovación, complementará e potenciará o traballo feito ata o de agora a través das Antenas do Igape. Estas oficinas, que acompañan ás pemes galegas nos seus procesos de internacionalización, están abertas hoxe en día en Shanghai, Miami, Casablanca, Cidade de México, Lima e Londres -coa denominada Oficina Brexit-. Sobre esta base, o obxectivo é ter abertas en 2022 novas antenas en Dubai e Toquio, explorando as posibilidades de Brasil e Corea do Sur a partir de 2023. A través da rede de antenas, a previsión da Xunta é dar servizo a máis de 200 empresas en 2021 e chegar ás 1000 no período 2021-2023.

Un crecemento que se pretende que se produza, tamén, da man da internacionalización dixital, fomentando que as compañías incorporen as canles dixitais para chegar a novos mercados. A meta é acadar as 1000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025, que se sumarían a outras 700 ás que se aspira a dar cobertura nas próximas edicións do Galicia Exporta Dixital, contando para todo cun orzamento de 24 millóns de euros ata o 2023.

Así mesmo, activarase o programa Emprende Global, que pretende facilitar a participación en feiras e encontros internacionais en materia de innovación e emprendemento. Neste sentido, prevense visitas a ecosistemas tecnolóxicos punteiros a nivel mundial, como o de Miami-Florida, Zhongguancun (Pequín), Silicon Wadi (Tel Aviv), Silicon Valley (California) ou o East London City. Ademais, fomentaranse o acceso ás licitacións internacionais cun servizo que permitirá ás empresas contar cunha plataforma que achegue información de contratación pública internacional e unha análise sobre a potencialidade do mercado da contratación pública en diferentes países.

Formación e atracción de talento

O segundo eixe do plan de acción para o período 2021-2023 susténtase na captación de talento internacional, achegando ao tecido empresarial galego profesionais expertos na materia. Neste marco, destinaranse 9 millóns de euros para continuar coas liñas destinadas aos bolseiros e aos xestores de internacionalización, na procura de conseguir 100 novos bolseiros e chegar a 140 empresas.

A Xunta de Galicia tamén activará o programa Fórmate Internacional, nova iniciativa de formación práctica e continua orientada á internacionalización. Neste marco, cómpre destacar tamén o programa ReAcciona Covid-19, que incluírá dúas novas liñas de análise de mercados internacionais e elaboración de plans estratéxicos adaptados ao novo escenario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acompañamento nos mercados de destino é o terceiro pilar do plan de internacionalización para este período inicial. Un campo no que a previsión de investimentos supera os 10 millóns de euros ata o 2023, e que permitirá continuar o traballo iniciado coas liñas Galicia Exporta ou cos programas desenvolvidos en colaboración coas cámaras de comercio, ao tempo que se impulsan plans sectoriais nas industrias vitivinícola e contract que facilitarán tanto a internacionalizacións das súas empresas como a cooperación entre os diferentes axentes. No caso do viño, o plan intégrase na Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, que acaba de ser presentado e que persegue consolidar os viños galegos nos diferentes mercados e potenciar tanto a imaxe de marca e identidade como o turismo vinculado aos territorios onde se producen.

Un labor que se complementa coa do cuarto eixe, centrado na difusión de casos de éxito, para o que se porá en marcha o programa Igape Contigo, que informará sobre a propia Estratexia de Internacionalización, dando a coñecer ditos casos de éxito e escoitando ás empresas para afondar en novas necesidades.

O mellor ciclo exportador

Deste xeito, e a través desta estratexia, a Xunta de Galicia aspira a manter e reforzar a súa colaboración co tecido produtivo galego, mellorando a súa competitividade a través da internacionalización e da dixitalización. Un esforzo compartido que xa se vén levando a cabo e que ten permitido –segundo as últimas cifras de exportacións publicadas, relativas ao primeiro semestre deste ano–, acadar un crecemento do 31 % con respecto ao mesmo período do ano pasado e mesmo mellorar os datos anteriores á pandemia, sumando preto dun 8 % máis que nos primeiros seis meses de 2019.

De manterse este ritmo no que resta de 2021, as exportacións galegas pecharían por quinto exercicio consecutivo por riba dos 20.000 millóns de euros, consolidando así o mellor ciclo exportador da historia de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTA CUNHAS 24.000 HECTÁREAS DE TERREO ABANDONADO CON BOA APTITUDE PRODUTIVA EN 707 MASAS DE PARCELARIA PARA PÓR EN VALOR MEDIANTE POLÍGONOS AGROFORESTAIS

- O Consello da Xunta acaba de coñecer hoxe o informe da Consellería do Medio Rural onde se detallan e analizan as zonas preferentes de actuación en masas de concentración parcelaria abandonadas, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
- Un total de 61 das 707 masas seleccionadas presentan maioritariamente unha capacidade produtiva máxima para a agricultura intensiva, representada pola plantación de millo e produtos da horta vinculados a algún selo de calidade diferenciada, e situadas principalmente nas provincias da Coruña e Ourense
- O resto de masas analizadas son aptas para outros usos de cultivos agrícolas como pastos e pastizais, cereais ou froiteiras; así como para un aproveitamento forestal mediante plantacións de piñeiro ou frondosas autóctonas

O Consello da Xunta vén de coñecer hoxe o informe da Consellería do Medio Rural onde se detallan e analizan as zonas preferentes de actuación en masas de concentración parcelaria para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Así, Galicia conta con algo máis de 24.000 hectáreas de terreo abandonado que conta con boa aptitude produtiva, situado en 707 masas de concentración parcelaria, para poñer a disposición daquelas explotacións que o precisen mediante a posta en marcha de polígonos agroforestais.

Cabe lembrar que a Consellería do Medio Rural lanzou en marzo deste ano a convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central. En total, recibíronse case un millar de propostas que indicaban a localización xeográfica da terra demandada, que supoñen un total de 21.322 hectáreas. Ademais, fóra da MDI, as cinco denominacións de orixe dos viños de Galicia solicitaron case 10.000 hectáreas para ampliar as súas zonas de produción.

Coñecida a demanda de terra que se precisa en Galicia, a Consellería realizou un novo estudo para identificar e cuantificar superficies continuas de concentración parcelaria (as coñecidas como masas de concentración) que cumpran cunha serie de requisitos - establecidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia- e poidan ser

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empregadas para establecer polígonos agroforestais e, polo tanto, dar resposta a esa demanda de terras.

Neste senso, elaborouse un estudo pormenorizado onde se tiveron en conta os perímetros das zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, as parcelas do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac – 2020), a información relativa ao Sistema de información sobre ocupación del suelo de España (SIOSE 2017) e ao Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia. Con todo, o estudo analiza a aptitude da terra nestas masas de concentración para os usos de agricultura intensiva (millo), para prados e pastos e para repoboación de coníferas (*Pinus pinaster*), tendo en conta que a superficie das masas debía ser igual ou superior ás 10 hectáreas e que o 50 % desa superficie ou máis debía estar abandonada.

Así, o informe recolle que un total de 61 das 707 masas con abandono e unha superficie de máis de 10 ha presentan maioritariamente unha capacidade produtiva máxima para agricultura intensiva (representada polo millo e produtos da horta vinculados a algún selo de calidade diferenciada). Estas masas suman un total de 1.642 ha, das que 1.385 ha teñen a máxima aptitude para este uso. Estas zonas e atópanse principalmente nas provincias da Coruña e Ourense.

O resto de masas analizadas son aptas para outros usos de cultivos agrícolas como pastos e pastizais, cereais ou froiteiras. Ademais, tamén se poderán combinar cun aproveitamento forestal de cara á diversificación do monte galego, coa plantación de piñeiro ou frondosas autóctonas.

Por último, cabe sinalar que 10 ha é a superficie mínima requirida de forma xeral para os polígonos agroforestais segundo o regulado na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Porén, a propia lei establece a posibilidade de exceptuar este requirimento en casos debidamente xustificadas, especialmente cando o impulsor dun polígono sexa unha explotación do lugar. Así, en caso necesario, estas 707 zonas con 24.133 hectáreas poderían ampliarse con case 2.600 hectáreas de 352 masas máis que teñen máis dun 50% de mato pero unha superficie entre 5 e 10 hectáreas.

Deste xeito, unha vez coñecida a demanda e oferta de terras, o seguinte paso que levará a cabo a Xunta nas vindeiras semanas será cruzar estas zonas con terra dispoñible coa localización das terras demandas na MDI, co fin de priorizar as primeiras zonas nas que se levarán a cabo estes polígonos agroforestais. Daráselle preferencia a aquelas nas que coincida a existencia de demanda de terras segundo os resultados da MDI coa dispoñibilidade das mesmas en zonas de concentración parcelaria con abandono. O fin

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

último é ampliar a base territorial das explotacións existentes mediante estas figuras de recuperación de terras.

Demanda de terra

A Xunta recibiu ao abeiro da MDI preto de 1.500 iniciativas -entre enquisas simplificadas e proxectos- de pequenas e medianas empresas que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central. De todas elas, un total de 994 indican a localización xeográfica da terra demandada e que supoñen a posta en valor de 21.322 hectáreas.

Deste total, algo máis de 13.200 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva gandeira, máis de 1.900 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva agrícola e algo máis de 1.400 ha para produción forestal. A estas cifras habería que sumarlle outras máis de 4.700 hectáreas que compatibilizarían produción mixtas. Ademais, a maiores destes proxectos plantexados á MDI, as cinco denominacións de orixe dos viños de Galicia solicitaron case 10.000 hectáreas para ampliar as súas zonas de produción.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REXENERARÁ AS SÚAS ZONAS DE MARISQUEO CON MÁIS DE 55 MILLÓNS DE UNIDADES DE SEMENTE DE AMEIXA

- Esta repoboación será realizada polo sector marisqueiro ao abeiro das axudas de 2021 para mellorar a produción das súas zonas de traballo e supón máis da cuarta parte dos 191 millóns de unidades sementadas na última década
- Con estes apoios o Goberno galego aprobou un total de 59 proxectos por importe de axuda de preto de 1,5 millóns de euros
- Esta inversión permitirá a rexeneración dunha superficie marisqueira de arredor de 1,7 millóns de m² a través da sementeira de especies marisqueiras e outras accións como arados e aporte de áridos

A Consellería do Mar subvenciona a repoboación de bancos marisqueiros con máis de 55 millóns de unidades de semente de ameixa ao abeiro das convocatorias de axudas de 2021 destinadas á rexeneración das zonas de marisqueo e á protección dos seus ecosistemas. Esta cantidade de cría de ameixa supón máis da cuarta parte dos 191 millóns de unidades cultivadas entre 2010 e 2020 e será sementada polo sector marisqueiro co obxectivo de mellorar a produción das súas zonas de traballo.

Os apoios baixo os que se realizan este tipo de tarefas son, por outra banda, os destinados a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Por outra banda, tamén apoian labores deste tipo as achegas dirixidas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción, financiados integramente con fondos propios da comunidade autónoma.

Así o detalla un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución das convocatorias deste ano. Este documento reflicte que a través destas achegas o Goberno galego aprobou un total de 59 proxectos por importe de axuda de preto de 1,5 millóns de euros que implicarán a rexeneración dunha superficie marisqueira de arredor de 1,7 millóns de m² a través das diferentes actuacións como a sementeira de especies marisqueiras, arados e aporte de áridos.

Axudas á conservación e restauración

A maioría das repoboacións subvenciónanse no marco da orde cofinanciada co FEMP coa que se apoia o cultivo de preto de 32,6 millóns de unidades de semente de ameixa babosa e ameixa fina dun tamaño medio de 15 mm para unha superficie de preto de 457.000 m². As entidades que se beneficiarán destas sementeiras son as confrarías de pescadores de Moaña, Cabo de Cruz, Cangas, Carreira-Aguiño, O Grove, Vilaxoán, Vigo,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Bueu, Corcubión, Carril, Raxó, A Pobra do Caramiñal, Pontevedra, A Illa de Arousa, Lourizán, Redondela, e Vilanova e a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo. No marco destas axudas o Executivo galego aprobou ademais a repoboación de 35.000 unidades de semente de ourizo, un proxecto da Confraría de Pescadores da Coruña.

Con esta convocatoria tamén se financian outras actuacións en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños como a dragaxe e aporte de áridos en máis de en máis de 210.000 m² de superficie ou a remoción de substrato en máis de 517.000 m². Estas tarefas realizaranse en iniciativas das confrarías de Moaña, Miño, Cangas, Vilaboa, Cabo de Cruz, O Grove, Rianxo, Vilaxoán, Vigo, Bueu, Corcubión, Carril, Raxó, Arcade, Cangas, A Pobra do Caramiñal, Pontevedra, Barallobre, A Illa de Arousa, Lourizán, Redondela e Vilanova. Tamén a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo.

En total, no marco desta orde de axudas cofinanciada con fondos europeos, a Consellería do Mar aprobou 34 expedientes por un importe de preto de 1,2 millóns de euros a distribuír nos anos 2021-2022. Dela beneficiáronse 24 entidades.

Apoios á mellora da produtividade

O resto das sementeiras desenvolveranse na liña destinada a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción. Con ela apóiase o cultivo de máis de 22,5 millóns de unidades de semente de ameixa babosa, fina e xaponesa dun tamaño medio de 15 mm nunha superficie de máis de 520.300 m².

As entidades que sementarán estas especies son as confrarías de Cabo de Cruz, A Coruña, Pontedeume, Cambados, Cedeira, Moaña, Espasante, Miño, Camariñas, O Grove, A Illa de Arousa, Vilaboa, Carril, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Arcade, Cangas, Redondela, Vilaxoán, Ferrol e Barallobre, Vilanova e Mugardos. Tamén se benefician destas achegas a Asociación de Rañeiros de Arousa, a Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa e a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo. A Xunta aprobou, en total, dentro desta outra orde 25 proxectos por un importe de preto de 319.000 euros para o ano 2021. Dela beneficiáronse 25 entidades.

Ambas liñas de achegas permitirán ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras conservar o recurso, a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras e evitar a perda de zonas naturais. Ao mesmo tempo estes apoios contribúen ao desenvolvemento de proxectos para fomentar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia e unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

perspectiva ambiental, socialmente responsable, importante para o mantemento da biodiversidade dos ecosistemas. Deste xeito, Galicia busca impulsar a produtividade dos bancos marisqueiros e o emprego no sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal